

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES POETA DÍAZ CASTRO  
CURSO: 1º BACHARELATO  
MATERIA: FILOSOFÍA  
DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA  
DATA: 30-04-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

A situación obrigada de confinamento, que limita o seguimento da actividade lectiva dende a distancia e por vía telemática, e obriga a recompoñer o obxecto de estudo e reflexión ante a realidade social e científica do problema, ofrece a oportunidade de renovación metodolóxica na que os alumnos e as alumnas deben ser quen de ocupar o papel activo fundamental que lles corresponde nos procesos de ensino e aprendizaxe: o de persoas autónomas e críticas, sociais e racionais, creativas e prudentes, donas de si e respectuosas coas demais persoas, sabias e felices. O tipo de persoa que a mellor filosofía nos presenta, desde sempre, como ideal humano.

Intentamos que as actividades propostas incidan na comprensión da realidade inmediata e utilicen a divulgación dos medios de comunicación e redes sociais como laboratorio de análise da construción da realidade e o coñecemento da mesma. Unha experiencia chea de perplexidade que require, máis que nunca, do exercicio da reflexión ordenada e medida.

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles os seguintes:**

**a) Dos relacionados na programación didáctica do curso 2019-2020 todos os contidos transversais da materia e cuxo “graο mínimo de consecución” é igual ou superior ao 70%**

**b) Primarase a adquisición dos estándares de aprendizaxe sobre os contidos específicos.**

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe  |
|---|--|
| ♣ B1.1. Ler comprensivamente e analizar de forma crítica textos significativos e breves, pertencentes a pensadores/as destacados/as.  | FIB1.1.1. Analiza de xeito crítico textos pertencentes a pensadores/as destacados/as, identifica a problemática e as solucións expostas (distinguindo as teses principais e a orde da argumentación) e relaciona os problemas propostos nos textos co achegado por outros/as filósofos/as ou correntes, e/ou con saberes distintos da filosofía  |
| ♣ B1.2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.  | FIB1.2.1. Argumenta e razoa as súas opinións de forma oral e escrita, con claridade e coherencia, e demostrando un esforzo creativo e educativo na valoración persoal dos problemas filosóficos analizados.  |
| B1.3. Seleccionar e sistematizar información obtida de distintas fontes   | FIB1.3.1. Selecciona e sistematiza información obtida de diversas fontes de información, usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información. Establece claramente criterios de selección da mesma en función da categoría da fonte.<br>FIB1.3.2. Coñece conceptos básicos da materia ou tema proposto e comprende o seu significado, aplícaos con rigor en textos expositivos, orais ou escritos. Organiza en esquemas os conceptos relevantes. |
| B1.4. Analizar e argumentar sobre formulacións filosóficas, elaborando de xeito colaborativo esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.   | FIB1.4.1. Elabora con rigor esquemas e test amosando a comprensión dos eixes conceptuais estudados.  |
| B6.20. Valorar as técnicas do diálogo filosófico, a argumentación e a retórica para organizar a comunicación entre as partes e a resolución de negociacións e de conflitos, para xerar diálogo baseado na capacidade de argumentar correctamente, para definir e comunicar correctamente o obxectivo dun proxecto | FIB6.20.1. Coñece e utiliza as ferramentas da argumentación e o diálogo na resolución de dilemas e conflitos dentro dun grupo humano   |
| ♣ B6.23. Coñecer e valorar a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo.   | ♣ FIB6.23.1. Comprende e valora a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo.   |

## 2. Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

|   |  |
|---|--|
| <b>Avaliación</b>                       | <b>Procedementos:</b><br>Análise das distintas tarefas, probas e traballos realizados polo alumnado, por medios telemáticos, ou de chegar a ser posible, presenciais.  |
|   | <b>Instrumentos:</b><br>- Traballos de investigación.<br>- Reflexións por escrito a partir de documentais, artigos xornalísticos...<br>- Elaboración de esquemas<br>- Deseño e resolución de Kahoots   |
| <b>Cualificación final</b>              | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p><b>1) - O alumnado que teña aprobadas a 1ª e a 2ª avaliación</b>, a nota da 3ª avaliación e nota final establecerase do seguinte xeito:</p> <p>- a nota será a media da 1ª e 2ª avaliación. E se se realizan correctamente as tarefas propostas na 3ª avaliación, esa nota positiva poderá aumentar ata un máximo de dous puntos. Excepcionalmente, esa puntuación poderá ser maior en caso de que o rendemento do/a alumno/a sexa así mesmo excepcional.</p> <p><b>2)- O alumnado que teña suspensa a 1ª e/ou a 2ª avaliación</b> realizará actividades de recuperación, repaso e reforzo específicas da avaliación ou avaliacións suspensas durante a 3ª avaliación. En caso de realizalas regularmente e cun rendemento suficiente, darase por recuperada a/as avaliacións, a nota será a media da/das avaliacións aprobadas anteriormente e o aprobado da/das recuperadas no 3º trimestre. Se ademáis se realizan correctamente todas as tarefas previstas para a 3ª avaliación, esa nota positiva poderá aumentar ata un máximo de dous puntos..</p> <p>En caso de non realizar as devanditas tarefas ou de realizalas cun rendemento insuficiente, o que non permita aprobar as avaliacións pendentes, calcularase a nota media da 1ª e 2ª avaliación e esa será a nota da 3ª avaliación e nota final.</p> |
| <b>Proba extraordinaria de setembro</b> | <p>Proba escrita con unha estrutura similar ás feitas durante os dous primeiros trimestres:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Preguntas curtas/ou de relacionar, 40% da nota</li><li>- Comentario de texto con preguntas guía, 30% da nota</li><li>- Preguntas de reflexión (Implicará a posta en valor dos coñecementos teóricos), 30% da nota</li></ul>  |

|                                     |   |
|-------------------------------------|---|
| <b>Alumnado de materia pendente</b> | Criterios de avaliación: Non procede neste curso.                   |
|                                     | Criterios de cualificación: Non procede neste curso.                |
|                                     | Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede neste curso |

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

|  |  |
|--|--|
| <b>Actividades</b>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recuperación: cuestionarios no drive sobre os contidos da avaliación que corresponda e comentario das audicións propostas. Un traballo de investigación individual sobre os contidos de cada avaliación que se debe recuperar</li> <li>• Repaso e reforzo: propóñense lecturas e traballos de investigación sobre os contidos dos dous primeiros trimestres. Análise e comentario de documentais, artigos xornalísticos, fíos de twitter e/ou Instagram respecto á pandemia e o coñecemento científico.</li> <li>• Ampliación: Lectura da unidade 6. Elaboración dun esquema das distintas ramas da Antropoloxía. Esquema dos procesos de Hominización e Humanización.</li> </ul> |
| <b>Metodoloxía (todo o alumnado de 1º BAC dispón de conectividade. As familias e o centro supliron os problemas que inicialmente se presentaron)</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• 2 Videochamadas semanais, no horario de clase de martes e venres</li> <li>• Observación: Todo o alumnado da materia ten conectividade aos medios empregados.</li> <li>• No DRIVE do correo electrónico de aula pódense atopar todos os materiais de repaso, así como as actividades propostas, que se irán secuenciando semanalmente. A entrega de tarefas así como os cuestionarios fanse polo mesmo medio.</li> <li>• O alumnado ten a súa disposición para resolver as dúbidas e contactar co profesor as seguintes ferramentas: correo electrónico da profesora e nas horas de clase virtuais.</li> </ul>   |
| <b>Materiais e recursos</b>  | Os compartidos no grupo de DRIVE colectivo e individual de aula.   |

### 4. Información e publicidade

|  |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | Infórmase ao alumnado por medio do correo electrónico, drive compartido colectivo e individual, e ás familias pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalarMóbil. |
| <b>Publicidade</b>                           | Publicación obrigatoria na páxina web do centro.   |